XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
*"O FSE inviste no teu futuro"*

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

# Ciencias sociais

CMPS003

Parte sociolingüística. Ciencias sociais

# 1. Formato da proba

### Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

### Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

### Duración

- O tempo necesario para a resolución deste exercicio é de aproximadamente 40 minutos.

### Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

# 2. Exercicio

## 1. O Congreso de Viena celebrouse entre os anos 1814 e 1815 tras a derrota do Imperio Napoleónico. Con este congreso inaugúrase en Europa o período coñecido por "Restauración", que levou a Europa cara á hexemonía de gobernos de tendencia...

*El Congreso de Viena se celebró entre los años 1814 y 1815 tras la derrota del Imperio Napoleónico. Con este congreso se inaugura en Europa el período conocido por "Restauración" que condujo a Europa hacia la hegemonía de gobiernos de tendencia...*

**A** Liberal.

**B** Absolutista.

**C** Revolucionaria.

## 2. Identifique a expresión que mellor se acomode ao concepto de "globalización".

*Identifique la expresión que mejor se acomode al concepto de "globalización".*

**A** Proceso polo que as economías e os mercados, co desenvolvemento das tecnoloxías da comunicación, adquiren unha dimensión mundial, de xeito que dependen cada vez máis dos mercados externos e menos da acción reguladora dos gobernos.

*Proceso por el que las economías y los mercados, con el desarrollo de las tecnologías de la comunicación, adquieren una dimensión mundial, de modo que dependen cada vez más de los mercados externos y menos de la acción reguladora de los gobiernos.*

**B** Proceso polo que as economías e os mercados, co desenvolvemento da agricultura intensiva, adquiren unha dimensión mundial, de xeito que dependen cada vez máis dos mercados internos e menos da acción reguladora dos gobernos.

*Proceso por el que las economías y los mercados, con el desarrollo de la agricultura intensiva, adquieren una dimensión mundial, de modo que dependen cada vez más de los mercados internos y menos de la acción reguladora de los gobiernos.*

**C** Proceso polo que as economías e os mercados, co desenvolvemento das tecnoloxías da industria extractiva, adquiren unha dimensión mundial, de xeito que dependen cada vez máis dos países emerxentes que da acción reguladora dos seus propios gobernos.

*Proceso por el que las economías y los mercados, con el desarrollo de las tecnologías de la industria extractiva, adquieren una dimensión mundial, de modo que dependen cada vez más de los países emergentes que de la acción reguladora de sus propios gobiernos.*

## 3. O conxunto de arcobotante e contraforte como elementos articulados de descarga do peso das bóvedas ao chan é característico da arquitectura:

*El conjunto de arbotante y contrafuerte como elementos articulados de descarga del peso de las bóvedas al suelo es característico de la arquitectura:*

**A** Románica.

**B** Grega.

*Griega*

**C** Gótica.



**4.** Pola súa composición aberta, en aspa, e o predominio da cor sobre a liña, esta obra de Peter Paul Rubens considérase pertencente á pintura de estilo:

*Por su composición abierta, en aspa, y el predominio del color sobre la línea, esta obra de Peter Paul Rubens se considera perteneciente a la pintura de estilo:*

**A** Barroca.

**B** Neoclásica.

**C** Renacentista.

**5.** O ciclo revolucionario de 1848, denominado "primavera dos pobos", estivo marcado fundamentalmente polo auxe de certas correntes de pensamento. Cal das respostas se corresponde con este período?

*El ciclo revolucionario de 1848, denominado "primavera de los pueblos", estuvo marcado fundamentalmente por el auge de ciertas corrientes de pensamiento. ¿Cuál de las respuestas se corresponde con este período?*

**A** O inicio da primeira Revolución Industrial e o utilitarismo.
*El inicio de la primera Revolución Industrial y el utilitarismo.*

**B** O triunfo das ideas da Ilustración.
*El triunfo de las ideas de la Ilustración.*

**C** O auxe dos nacionalismos e do movemento obreiro.
*El auge de los nacionalismos y del movimiento obrero.*

**6.** Sinale a frase correcta, relativa ao nacemento do Islam.

*Señale la frase correcta, relativa al nacimiento del Islam.*

**A** O Islam, relixión politeísta, baseada no Corán, iniciouse coa predicación de Mahoma no ano 722 na cidade árabe da Meca.
*El Islam, religión politeísta, basada en el Corán, se inició con la predicación de Mahoma en el año 722 en la ciudad árabe de La Meca.*

**B** O Islam, relixión monoteísta, baseada no Corán, iniciouse coa predicación de Mahoma no ano 1213 na cidade árabe de Ákaba
*El Islam, religión monoteísta, basada en el Corán, se inició con la predicación de Mahoma en el año1213 en la ciudad árabe de Ákaba.*

**C** O Islam, relixión monoteísta, baseada no Corán, iniciouse coa predicación de Mahoma no ano 622 na cidade árabe da Meca.
*El Islam, religión monoteísta, basada en el Corán, se inició con la predicación de Mahoma en el año 622 en la ciudad árabe de La Meca.*

## 7. Cal era a principal diferenza ideolóxica entre os anarquistas (Bakunin) e os comunistas (Marx)?

*¿Cuál era la principal diferencia ideológica entre los anarquistas (Bakunin) y los comunistas (Marx)?*

**A** Os anarquistas admitían os partidos políticos e o Estado, mentres que os comunistas simplemente o toleraban como paso intermedio para alcanzar a chamada "ditadura do proletariado" e chegar á sociedade sen clases.

*Los anarquistas admitían los partidos políticos y el Estado, mientras que los comunistas simplemente lo toleraban como paso intermedio para alcanzar la llamada "dictadura del proletariado" y llegar a la sociedad sin clases.*

**B** Os anarquistas non admitían os partidos políticos nin o Estado, mentres que os comunistas o toleraban como paso intermedio para alcanzar a chamada "ditadura do proletariado" e chegar á sociedade sen clases.

*Los anarquistas no admitían los partidos políticos ni el Estado, mientras que los comunistas lo toleraban como paso intermedio para alcanzar la llamada "dictadura del proletariado" y llegar a la sociedad sin clases.*

**C** Os comunistas non admitían os partidos políticos nin o Estado, mentres que os anarquistas o toleraban como paso intermedio para alcanzar a chamada "ditadura do proletariado" e chegar á sociedade sen clases.

*Los comunistas no admitían los partidos políticos ni el Estado, mientras que los anarquistas lo toleraban como paso intermedio para alcanzar la llamada "dictadura del proletariado" y llegar a la sociedad sin clases.*

## 8. O templo de San Pietro in Montorio (Roma), obra de Bramante, reflicte as esencias estilísticas do clasicismo. En que estilo arquitectónico debe inscribirse?

*El templo de San Pietro in Montorio (Roma), obra de Bramante, refleja las esencias estilísticas del clasicismo. ¿En qué estilo arquitectónico debe inscribirse?*



**A** Renacentista.

**B** Neoclásico.

**C** Romano imperial.

## 9. A degradación do bosque mediterráneo pola seca e a acción humana ofrece paisaxes arbustivas. Que nome reciben, entre outros, as formacións vexetais desta tipoloxía?

*La degradación del bosque mediterráneo por la sequía y la acción humana ofrece paisajes arbustivos. ¿Qué nombre reciben, entre otros, las formaciones vegetales de esta tipología?*

**A** Garriga e maquía ou maquis.

*Garriga y maquía o maquis.*

**B** Landa.

**C** Taiga.

## 10. Sinale a secuencia cronolóxica correcta, relativa aos seguintes feitos históricos:

*Señale la secuencia cronológica correcta, relativa a los siguientes hechos históricos:*

**A** Guerra dos Trinta Anos – Construción do mosteiro de San Lorenzo del Escorial – Reinado de Filipe V.

*Guerra de los Treinta Años – Construcción del monasterio de San Lorenzo del Escorial – Reinado de Felipe V.*

**B** Construción do mosteiro de San Lorenzo del Escorial - Guerra dos Trinta Anos - Reinado de Filipe V.

*Construcción del monasterio de San Lorenzo del Escorial - Guerra de los Treinta Años - Reinado de Felipe V.*

**C** Reinado de Filipe V – Construción do mosteiro de San Lorenzo del Escorial – Guerra dos Trinta Anos.

*Reinado de Felipe V – Construcción del monasterio de San Lorenzo del Escorial – Guerra de los Treinta Años.*

## 11. Tendo en conta o volume de precipitacións anuais e o réxime de temperaturas, identifique o clima do que se trata.

*Teniendo en cuenta el volumen de precipitaciones anuales y el régimen de temperaturas, identifique el clima del que se trata.*

**A** Mediterráneo.

**B** Desértico.

**C** Tropical seco.




## 12. As poboacións de cazadores-colectores son características do período:

*Las poblaciones de cazadores-recolectores son características del período:*

**A** Neolítico.

**B** Paleolítico.

**C** Megalítico.

## 13. Identifique as entidades numeradas no mapa de África

*Identifique las entidades numeradas en el mapa de África.*




**A** ❶ Lago Vitoria. ❷ Lago Tanganika. ❸ Sudán. ❹ Namibia. ❺ Costa do Marfil.

*① Lago Victoria. ② Lago Tanganica. ③ Sudán. ④ Namibia. ⑤ Costa de Marfil.*

**B** ❶ Lago Vitoria. ❷ Lago Tanganika. ❸ Namibia. ❹ Sudán. ❺ Costa do Marfil.

*① Lago Victoria. ② Lago Tanganika. ③ Namibia. ④ Sudán. ⑤ Costa de Marfil.*

**C** ❶ Lago Tanganika. ❷ Lago Vitoria. ❸ Namibia. ❹ Costa do Marfil. ❺ Sudán.

*① Lago Tanganika. ② Lago Victoria. ③ Namibia. ④ Costa de Marfil. ⑤ Sudán.*

## 14. Que países conforman o bloque de economías emerxentes coñecido como BRIC?

*¿Qué países conforman el bloque de economías emergentes conocido como BRIC?*

**A** Burkina Faso, Rusia, Indonesia, Corea do Sur.

*Burkina Faso, Rusia, Indonesia, Corea del Sur.*

**B** Bangladesh, Rusia, Irlanda, Corea do Sur.

*Bangladesh, Rusia, Irlanda, Corea del Sur.*

**C** Brasil, Rusia, India, China.

## 15. Pola preeminencia da cor sobre o debuxo e a intensidade cromática do retrato, esta obra de André Derain pode clasificarse dentro do movemento pictórico coñecido como:

*Por la preeminencia del color sobre el dibujo y la intensidad cromática del retrato, esta obra de André Derain se puede clasificar dentro del movimiento pictórico conocido como:*



**A** Construtivismo.

*Constructivismo.*

**B** Fauvismo.

**C** Suprematismo.

## 16. Sinale o parágrafo que contén a afirmación correcta.

*Señale el párrafo que contiene la afirmación correcta.*

**A** O 31 de decembro de 406, un continxente de suevos, vándalos e alanos vadeou o río Rin para precipitar a caída do Imperio Romano de Occidente, que, finalmente, tería lugar en 476 d.C.

*El 31 de diciembre de 406, un contingente de suevos, vándalos y alanos vadeó el río Rin para precipitar la caída del Imperio Romano de Occidente, que, finalmente, tendría lugar en 476 d.C.*

**B** O 31 de decembro de 1435, un continxente de pobos hunos vadeou o río Rin para precipitar a caída do Imperio Romano de Oriente, que, finalmente, tería lugar en 1453.

*El 31 de diciembre de 1435, un contingente de pueblos hunos vadeó el río Rin para precipitar la caída del Imperio Romano de Oriente, que, finalmente, tendría lugar en 1453.*

**C** O 31 de decembro de 1435, un continxente de suevos, vándalos e alanos vadeou o río Rin para precipitar a caída do Imperio Romano de Oriente, que, finalmente, tería lugar en 1453.

*El 31 de diciembre de 1435, un contingente de suevos, vándalos y alanos vadeó el río Rin para precipitar la caída del Imperio Romano de Oriente, que, finalmente, tendría lugar en 1453.*

## 17. Sinale, de entre as propostas, a comarca galega que NON está bañada polo mar Cantábrico.

*Señale, de entre las propuestas, la comarca gallega que NO está bañada por el mar Cantábrico.*

**A** Ferrolterra.

**B** Ortegal.

**C** Mariña Oriental.

## 18. Sinale a secuencia correcta de depresións europeas que atravesa, de oeste a leste, a liña trazada no mapa.




*Señale la secuencia correcta de depresiones europeas que atraviesa, de oeste a este, la línea trazada en el mapa.*

**A** Depresión do Ebro, depresión do Guadalquivir, gran depresión europea, depresión renana.

*Depresión del Ebro, depresión del Guadalquivir, gran depresión europea, depresión renana.*

**B** Depresión do Ebro, depresión do Guadalquivir, depresión renana, gran depresión europea.

*Depresión del Ebro, depresión del Guadalquivir, depresión renana, gran depresión europea.*

**C** Depresión do Guadalquivir, depresión do Ebro, depresión renana, gran depresión europea.

*Depresión del Guadalquivir, depresión del Ebro, depresión renana, gran depresión europea.*

## 19. Sinale a resposta que mellor se adecúe ao concepto histórico de Imperialismo.

*Señale la respuesta que mejor se adecue al concepto histórico de Imperialismo.*

**A** Período que vai de 1492 a 1800, no cal as potencias europeas se lanzaron á empresa de construír imperios coloniais, nomeadamente coa repartición de América.
*Período que va de 1492 a 1800, en el cual las potencias europeas se lanzaron a la empresa de construir imperios coloniales, fundamentalmente con el reparto de América.*

**B** Período que vai de 1600 a 1800, no cal as potencias europeas se lanzaron á empresa de construír imperios coloniais, nomeadamente coa repartición de Asia.
*Período que va de 1600 a 1800, en el cual las potencias europeas se lanzaron a la empresa de construir imperios coloniales, fundamentalmente con el reparto de Asia.*

**C** Período que vai de 1817 a 1919, no cal as potencias industriais se lanzaron á empresa de construír imperios coloniais, nomeadamente coa repartición de África
*Período que va de 1817 a 1919, en el cual las potencias industriales se lanzaron a la empresa de construir imperios coloniales, fundamentalmente con el reparto de África.*

## 20. Identifique os cabos da Península Ibérica numerados.

*Identifique los cabos de la península ibérica numerados.*




**A** ❶ Cabo de San Vicente. ❷ Cabo de Trafalgar. ❸ Cabo de Gata. ❹ Cabo de Peñas. ❺ Cabo Machichaco.

**B** ❶ Cabo de Gata. ❷ Cabo Machichaco. ❸ Cabo de San Vicente. ❹ Cabo de Peñas. ❺ Cabo de Trafalgar.

**C** ❶ Cabo de Gata. ❷ Cabo de Peñas. ❸ Cabo de San Vicente. ❹ Cabo Machichaco. ❺ Cabo de Trafalgar.

# 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | X | | |
| 2 | X | | | |
| 3 | | | X | |
| 4 | X | | | |
| 5 | | | X | |
| 6 | | | X | |
| 7 | | X | | |
| 8 | X | | | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | X | | |
| 11 | | X | | |
| 12 | | X | | |
| 13 | X | | | |
| 14 | | | X | |
| 15 | | X | | |
| 16 | X | | | |
| 17 | X | | | |
| 18 | | | X | |
| 19 | | | X | |
| 20 | | X | | |
| Nº de respostas correctas (C) | | | | |
| Nº de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test = C x 0,5 – Z x 0,125 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.**